

# O LEGADO DE KARL R. POPPER Ó REALISMO CRÍTICO EN CIENCIAS SOCIAIS: EPISTEMOLOXÍA E DISCURSO POLÍTICO-ECONÓMICO

JOSÉ RAMÓN GARCÍA MENÉNDEZ  
Departamento de Economía Aplicada  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais  
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras clave: *Filosofía da ciencia; Metodoloxía económica; Lóxica da investigación; Retórica; Política económica.*

Key words: *Science philosophy; Economic methodology; Logic of reseach; Rhetoric; Economic policy.*

## Resumo

*Albert Einstein confirmalle a K.R. Popper, en carta datada o 11/09/1935 (e que se publica como apéndice XII da "Lóxica da investigación científica"), a súa consideración sobre o erro da tese popperiana que afirma que a partir dunha teoría determinista non se poden seguir conclusións estatísticas. A este respecto, Einstein non só demostrou as debilidades da sección 77 do capítulo IX da obra de Popper, senón que, ademais, a súa carta pasou a formar parte do libro, o cal demostra o talante autocrítico de quen fixo da rica capacidade de encaixe de críticas un dos principais activos dunha longa e intensa traxectoria intelectual animada pola máxima de Novalis, no limiar da obra popperiana, que afirma que as teorías son redes pero só quen as lance recollerá peixes (resultados).*

*O presente ensaio consta de cinco partes que responden a unha secuencia argumental que, a partir de posicións contrapostas sobre o coñecemento dos fenómenos socioeconómicos, céntrase na análise da lóxica popperiana de investigación científica tanto como decisión epistemolóxica do autor como das implicacións ideolóxicas e valorativas que contén. Neste sentido, a nosa tese mantén que no contexto de respecto pola densa*

*biografía e obra de Popper podemos apreciar unha característica singular da epistemoloxía sostida polo autor que lle obriga a adoptar determinadas posicións ideolóxicas e valorativas —de auténtica "enxeñería" social— a partir de decisións metodolóxicas motivadas, en cambio, pola formulación dunha lóxica da investigación científica. As consecuencias do proceso popperiano de demarcación e aceptabilidade científica no campo do coñecemento socioeconómico transcenden, sen dúbida, as metas gnoseolóxicas e alcanzan, como apreciamos na cuarta parte do ensaio, o discurso político-económico do programa do "racionalismo crítico" en Ciencias Sociais.*

*O presente traballo é unha mostra sistematizada de ideas avanzadas, en parte, no III Congreso de Teoría e Metodoloxía das Ciencias (Sociedade Asturiana de Filosofía, 1985) e, en parte, nunha reflexión crítica conxunta co filósofo Román García da Universidade de Oviedo sobre a Teoría do peche categorial en Ciencias Sociais debida ó profesor Gustavo Bueno.*

## Abstract

*Albert Einstein, in a letter dated 11th September 1935 and addressed to K.P. Popper and published as appendix XII of "Logic of scientific*

research”, expresses his consideration about the error of Popperian thesis which states that statistical conclusions cannot be followed from a determinist theory. In this respect, Einstein showed the weakness of section 77, in chapter IX of Popper’s work, and, as a consequence, his letter became a part of the book, which shows the self-critical disposition of a person with a long and intense intellectual activity fostered by Novalis statement in the preface to Popper’s work, where he affirms that theories are like nets but only those who throw them will collect fish (results).

This paper is divided into five parts which fit an arguable sequence that, from opposed positions about the cognition of socio-economic phenomena, focuses on the analysis of popperian logic of scientific research as an epistemological decision of the author and on the ideological and valuation implications which it contains. In this way, our thesis proposes that in the context of a great respect for the dense biography and work of Popper we can appreciate an outstanding characteristic of the epistemology supported by the author that obliges him to adopt certain ideological and valuation positions —of authentic social “engineering”— from methodological decisions, nevertheless, motivated by the formulation of a logic of scientific research. The consequences of the popperian process of scientific acceptability and demarcation in the field of socio-economic cognition go beyond the gnoseological goals and reach, as it is seen in fourth part of the paper, politico-economical discourse of the program of “critical rationalism” in Social Sciences.

The present paper is a systematised exposition of ideas already put forward, in part, in III Congreso de Teoría e Metodoloxía das Ciencias (Sociedade Asturiana de Filosofía, 1985) and, in part, as a result of a critical reflection, together with philosopher Román García of Oviedo University, on the Theory of categorical closing in Social Sciences due to professor Gustavo Bueno.

## 1. INTRODUCCIÓN

Cando Karl R. Popper (1902-1994) publicou *A lóxica da investigación científica*, en 1934, algúns comentaristas creron descubri-las suficientes probas sobre un evidente parricidio intelectual. Quizais sexa excesivo soste-ter tal afirmación me-

diantes testemuños debidos, paradoxalmente, ós popperianos máis incondicionais. Sen embargo, algunhas pegadas epistemolóxicas así o indicaban.

Ata daquela, Popper formárase filosoficamente na corrente dominante do positivismo nucleado no Círculo de Viena baixo o rixido criterio verificacionista como norma para demarcar e acepta-lo progreso do coñecemento científico. A estreita marxe inductivista das prescricións do Círculo de Viena —podería argumentar calquera pragmatista ó uso— estaba xustificada: a *verificación* representou a arma contundente (e, polo tanto, útil) contra as pretensións pseudocientíficas da metafísica que enmascarou, durante séculos, a busca do coñecemento con postulados incontrastables. *A verdade/falsedade dos enunciados era incuestionable porque os fundamentos dos que partían eran indiscutibles; un auténtico círculo de autoridade, autocontido e excluínte ante calquera indicio de ‘dúbida metódica’*. Aí radicou o impacto do positivismo sobre os residuos aínda influíntes da escolástica medieval pero, tamén, a súa maior debilidade.

En efecto, o verificacionismo xerou unha crecente desconfianza nunha parte significativa do colectivo de científicos —incluso en campos de coñecemento experimental consolidados— que desenvolvían liñas de investigación sobre fenómenos non observables e, en consecuencia, non susceptibles de verificación.

A aportación de Popper superou, en parte, as limitacións positivistas. Non obstante, o legado popperiano ó “realismo crítico” en Ciencias Sociais contén un controvertido discurso político-económico superposto ó manifesto epistemolóxico do autor. Iso explica, en gran medida, a adhesión entusiasta ou o rexeitamento visceral á figura e obra de Popper. As implicacións sociais, políticas e económicas do discurso popperiano, en resumo, distorsionan o xuízo sobre unha intensa biografía intelectual que aínda que presenta as luces e sombras dunha dilatada traxectoria persoal non desmerece, en absoluto, a permanente lucidez e a crítica do propio pensamento, o que constitúe a última lección de Popper a detractores viscerais e apoloxistas acrícos que asinaron obituarios e biografías escasamente ponderadas.

Dende o campo do coñecemento económico é preciso recapitular —o que constitúe o primeiro



obxectivo do presente artigo— sobre as consecuencias da lóxica popperiana no ámbito das Ciencias Sociais, pois a crítica racionalista do autor pon de manifesto unha serie de proposicións de método e de enunciados analíticos que consideramos controvertibles.

En efecto, Popper, á vez que cuestiona a potencialidade dunha gran parte do coñecemento social, propón categorías analíticas improvisadas e/ou débiles para unha rigorosa caracterización dos fenómenos socioeconómicos (cf., por exemplo, Popper, 1981, pp. 306 e ss.). Por outra parte, o autor proclama a necesidade de propostas político-económicas técnicas, obxectivables, non negadas por valores nin ideoloxías, mentres que lle atribúe *de facto* ó colectivo de científicos o papel dirixente da “república de intelectuais”, o activo rol de “deseño e control das institucións sociais” (Popper, 1973, p. 79). Respecto á economía como ciencia, o autor adhírese a unha visión simplemente funcionalista e tecnocrática da disciplina baixo o omnipresente mandato liberal do iusnaturalismo (cf., Popper, 1981, pp. 75-76 e p. 114) e recomenda con fervor a Economía Matemática como modelo exemplar que deben segui-lo resto das Ciencias Sociais (Popper, 1973, pp. 156 e ss.).

As implicacións políticas e económicas da metodoloxía popperiana non están exentas de inconsistencias e, incluso, contradicións internas. Sen nega-la forza e, con frecuencia, a brillantez dos elos argumentais de Popper, ó longo da súa obra atopámonos con certos paradoxos de fondo e de forma. Un exemplo dos primeiros preséntase cando o autor rexeita taxativamente, como é sabido, a capacidade analítica que poida ofrecer unha reflexión sistematizada sobre ideoloxía e valores para desentraña-lo alcance teórico dos prexuízos na busca do coñecemento social (Popper, 1981, pp. 390 e ss.). É máis, para Popper é o poder das leis naturais e do *laissez-faire* o que fixa, sen intervención reguladora, os principais fins e valores da sociedade (*Ibid.*, p. 404), pero atribúelle a posibilidade, contradictoriamente, á intervención da acción humana non para “regula-lo” proceso económico —que sería factible aínda que puidera ser cuestionada a súa eficacia—, senón a “capacidade” futura de recrear seres vivos a partir de materia non vivente (!) (Popper, 1976, p. 240).

Malia ser certo que, ó meu xuízo, as afirma-

cións procedentes obedecen, primeiro, a unha indiscutible pero lexítima filiación neoliberal do seu discurso político-económico ou, segundo, ó produto literario dunha imaxinativa especulación filosófica, non o é menos recoñecer que é na forma de exposición dos argumentos onde Popper utilizou vehículos retóricos viciados. Mediante un peculiar método de xustaposicións, de aparición conxunta de conceptos e de exposición reiterada dos mesmos a través de siloxismos encubertos no texto a través de premisas aparentemente desconectadas, produce no lector un efecto de paulatina identificación non só de significantes, senón, ademais, de contidos.

A fórmula popperiana consiste, en definitiva, en estender ó longo do texto en cuestión e dun modo transitivo as propiedades e as identidades que Popper pretende establecer ó servizo do seu discurso político-económico. Como exemplo ilustrativo, na *Sociedade Aberta e os seus inimigos* (Popper, 1981), o autor refírese á identidade entre totalitarismo e platonismo (p. 168), á “sa” oposición ó colectivismo e ó holismo (p. 277), ó obxecto profético e non científico das Ciencias Sociais de raíz historicista (p. 291), á relación entre racionalismo, democracia, liberdade e progreso (p. 391), á identificación entre pseudo-racionalismo e platonismo (p. 395), á equiparación entre racionalismo e imparcialidade a-valorativa (p. 401) e conclúe, polo tanto, que “só hai dúas solucións posibles: unha, o uso dos sentimentos e, en *última instancia*, da violencia; e outra, a da razón, a imparcialidade, a transacción razoable” (p. 403). Sen dúbida, o investigador ben intencionado atrapado no dilema optaría por subscribi-la segunda alternativa e, polo tanto, o discurso político implícito no que era, en principio, unha proposta de método de investigación.

## 2. RAZÓN ANALÍTICA VERSUS RAZÓN DIALÉCTICA EN CIENCIAS SOCIAIS: ANTECEDENTES

Os principais debates metodolóxicos nas Ciencias Sociais que se desenvolveron dende o último tercio do século XIX ata a actualidade —especialmente no ámbito cultural europeo e a pesar da súa presentación temática ou cronolóxica— pertencen ó mesmo referente de análise: a aproximación ó saber en construción mediante



principios e regras que gobernan o “quefacer” científico nun determinado contexto social. Neste sentido, a reflexión sobre o saber en construción é provisional, pois atende á dinámica das dúas fases, heurística e dialéctica, de elaboración teórica e constrastación empírica e/ou documental. Ante a complexidade do obxecto de reflexión, a actitude do epistemólogo adopta unha forma poliédrica que reflicte nas súas múltiples caras e dende diversos ángulos os contidos, os vectores argumentais e, incluso, intencionais que conforman a sucesión de pugnas sobre o método.

Entre estas, sen dúbida, merecen un lugar destacado na Historia do Pensamento as protagonizadas por K. Menger e G. Von Schmoller, abandeirados do deductivismo teorético e do inductivismo histórico, respectivamente. Ou, tamén, a polémica en torno ós xuízos de valor e á pretendida “desvinculación” axiolóxica detonada por Max Weber, en 1909, que se transformou nunha disputa sobre fins e, en consecuencia, sobre a natureza e funcións das Ciencias Sociais na sociedade contemporánea. Tanto estas como outras interesantes extensións do debate xeral remiten a unha bifurcación metodolóxica respecto do obxecto observado: a razón analítica *versus* a razón dialéctica.

O punto culminante do enfrontamento acaeceu, como é sabido, no Congreso de Tübingen (outubro, 1961), un crucial encontro filosófico documentado en torno os relatorios presentados por K. Popper e T.W. Adorno. Ámbolos dous protagonistas, en plena madureza intelectual, non só escenificaron unha documentada síntese do estado da cuestión, senón que tamén suscitaron un debate xeral coa implicación de neopositivistas analíticos e marxistas de formación hegeliana.

En Tübingen constatouse a inviabilidade dunha confluencia metodolóxica ou, cando menos, dun recoñecemento de espazos reflexivos compartidos pola razón analítica e a razón dialéctica. O cruce de argumentos e réplicas pareceu destinado non a resolver algúns dos tópicos tradicionais do debate sobre o método nas ciencias sociais, senón, máis ben, a cultivar-la incomunicación e, incluso, a hostilidade intelectual, resultado dunha consciente *ignorationes elenchi* en ámbolos dous bandos (cf., Adorno *et al.*, 1973).

Por unha parte, K. Popper representaba a corrente do racionalismo crítico na que se aglutina

unha parte da herdanza do positivismo lóxico tan palpable na súa contribución sobre *A lóxica das ciencias sociais* (Ibid., pp. 101-119); un relatorio, polo demais, que compendia o pensamento do autor tras fructíferas décadas de maduración filosófica. Por outro lado, Adorno asumía o liderato da Escola de Frankfurt e da Teoría Crítica da Sociedade Contemporánea, como reflectía o contido do traballo presentado na devandita reunión: *Socioloxía e investigación empírica* (Ibid., pp. 121-138).

Pero non só a incomunicación e a acritude verbal caracterizaron o Congreso de Tübingen. Todo iso resultou comprensible, tanto en canto o desenvolvemento das discusións transcendía o simple puxilato intelectual para situarse na evidencia sobre dúas formas de pensamento que herdán a forza (e tamén a inercia) dos debates filosóficos do século XIX, pero no seo dunha realidade económica, política e social diferente, en múltiples aspectos, ó ascenso do capitalismo liberal decimonónico.

Por estes motivos, os científicos sociais por volta do congreso non se atoparon ante a presenza dunha ameazadora crise de identidade nas súas respectivas disciplinas —crise entendida como unha fase decisiva de cambio na que se manifesta un estado de incerteza— nin ante un evento de narcisismo filosófico que cultivara a “mala reputación da metodoloxía”; en palabras de T.C. Koopmans: “Se algunha vez se medira o prestixio relativo das distintas áreas de investigación económica, a discusión metodolóxica atoparíase, sen dúbida ningunha, contra final da escala” (Koopmans, 1980, p. 141). Asistiuse, en realidade, ó crepúsculo dunha dilatada fase histórica a partir da cal o enfrontamento entre *razón analítica* e *razón dialéctica* asume criticamente a pesada carga herdada do Círculo de Viena e da Escola de Frankfurt, así como a variedade de contribucións que se xeran nun modelo concatenado (tanto no plano epistemolóxico como metodolóxico), dándolle vitalidade a unha das épocas máis fecundas da Historia do Pensamento.

Unha mostra significativa da devandita vitalidade no marco da Ciencia Económica produciuse ó longo da Gran Depresión, cando un desencanto relativamente importante nos círculos convencionais da disciplina puxo de manifesto a progresiva contradicción existente entre unha prolífica ela-



boración teórica e a súa débil fundamentación empírica. A partir daquela, a discusión profesional abandonou paulatinamente o universo da necesidade (da harmonía, do equilibrio) polo da conxectura (recuperado o principio cartesiano da dúbida metódica, apostando pola *posibilidade* en lugar da *certeza*). Lémbrese que nesta fase se desenvolve un dos enfrontamentos metodolóxicos máis coñecidos no ámbito científico da Economía, representado, nos seus inicios, por T.W. Hutchison e L. Robbins e que chega, tres décadas despois, a M. Friedman e P.A. Samuelson, en torno a dúas formulacións metodolóxicas xa tópicas na Historia do Pensamento económico: os debates sobre “apriorismo vs. realismo” e sobre “relevancia/irrelevancia dos supostos”.

É preciso formular, neste momento, unha hipótese de traballo relativa á consideración do movemento de renovación empírica nas Ciencias Sociais como masa crítica que desencadeou a bifurcación citada entre *razón analítica* e *razón dialéctica* a partir da defensa sen concesións de linguaxes lóxicas capaces de expresar os fenómenos socioeconómicos de interese e o apoio incondicional á construción teórica e á avaliación das iniciativas político-económicas sobre a base da información empírica dispoñible. Neste sentido, R. Carnap titulou o seu máis célebre artigo como “A superación da metafísica mediante a análise lóxica da linguaxe” (Ayer (c.), 1965, pp. 66-87).

A responsabilidade do positivismo lóxico, neste crucial punto de inflexión na Historia da Filosofía da Ciencia, maniféstase tanto pola separación tallante, irreconciliable, entre os enunciados tautolóxicos cun valor independente de toda consideración fáctica e os enunciados sintéticos con soporte empírico susceptible de contrastación, como pola localización dos criterios científicos na verificación do coñecemento coa experiencia (cf. Katouzian, 1982, esp. pp. 72 e ss.).

Aínda que existen expresivos antecedentes positivistas en D. Hume (especialmente cando consideraba que un enunciado era testado favorablemente se se superpoñía a mesma orde de correspondencia existente entre os sentidos e a experiencia; Hume, 1980, pp. 17 e ss.) e en A. Comte é o Círculo de Viena a quen se lle atribúe o definitivo impulso dunha corrente de pensamento estruturada en torno á seguinte liña argumental:

1) O deseño dun ambicioso proxecto, cun espírito neo-enciclopedista, encamiñado á consolidación do estatuto da “Ciencia Unificada”. Ó servizo deste fin, os positivistas propuxeron unha “filosofía científica” que detectaría claramente a esterilidade das proposicións sen contido empírico, ben porque utilicen termos sen significado ou porque conteñan unha sintaxe deficiente.

2) Este proxecto esixiu a redución do discurso científico dos enunciados socioeconómicos, culturais e históricos a unha linguaxe fiscalista baseada exclusivamente na súa potencia de observación, pois, en palabras de R. Carnap, “é a unha linguaxe universal á que pode traducirse calquera proposición” (Carnap: *Psicoloxía en linguaxe fiscalista*, en Ayer [coord.], 1965, p. 171).

3) O criterio de demarcación, en consecuencia, obedecerá ó criterio empirista do significado, bautizado por C.G. Hempel, mediante o cal a “ciencia” e a “non-ciencia” (é dicir, o coñecemento metafísico), se distinguen polo necesario corte de significación cognoscitiva (Hempel: *Problemas e cambios no criterio empirista do significado*, *Ibid.*, pp. 115-136). Desta forma, para o Positivismo Lóxico, á parte das disciplinas “sintácticas” que utilizan exclusivamente proposicións analíticas (matemáticas, lóxica...), as demais ciencias non só responden ó proxecto de unificación, senón que tributan os seus respectivos contidos empíricos. Polo tanto, o criterio de verificabilidade de todos e cada un dos enunciados científicos valorará a súa auténtica significación empírica.

4) En palabras de V. Kraft, verificar é “comproba-la conformidade dun feito predito cun observado” (Kraft, 1966, p. 137). Neste sentido, as restrictivas teses da verificación propostas por Moritz Schlick ou Carnap evolucionaron paulatinamente cara á posición de “grao de confirmación” progresiva dos enunciados científicos, o que levou ó establecemento de criterios de aceptabilidade baseados nas confirmacións posibilísticas, de natureza inductiva, das teorías científicas (e, polo tanto, exclusivamente empíricas) (cf., ó respecto, Busto, 1995, pp. 119-128).

O principio verificacionista foi utilizado polo Positivismo Lóxico como punta de lanza e, á vez, como reacción extrema fronte ó apriorismo metafísico precedente e á servidume do tomismo e da



lóxica deductivista dominante, especialmente no ámbito das Ciencias Sociais. O programa positivista, formulado como ruptura respecto do idealismo hegeliano ou da influencia teolóxica do deus natural, sucedeu a el mesmo como concepción herdada non exenta de graves problemas (cf., Weinberg, 1969; García Raffi e Cabo, 1977, pp. 353-358). En efecto, as regras metodolóxicas de aceptabilidade e demarcación xeraron unha insalvable dose de desconfianza nunha parte da comunidade científica, especialmente naquela que desempeñaba non só liñas de investigación en campos de coñecemento considerados como consolidados e incontrovertibles, pero que empregaban conceptos non observables (como a Física de Partículas), senón que, ademais, desautorizaba modelos de interpretación global xerados coa mesma finalidade antimetafísica, pero que non posuían o contraste empírico de tódolos eles teóricos (a teoría evolucionista, por exemplo).

Sen dúbida, a necesidade de transcender a visión mecanicista das sucesivas aproximacións ó coñecemento científico inspirou a articulación reflexiva “dun discurso sobre un discurso” que Bunge (1979, pp. 49 e ss.) denomina “metaciencia” e que ten como fin primordial evitar as lastres reducións no abano interpretativo sobre o saber científico. Neste sentido e dende o plano epistemolóxico da discusión, propóñense regras que permitan comprobar as características de pertinencia e potencialidade explicativa do coñecemento adquirido en Ciencias Sociais. En xeral, as devanditas regras preséntanse baixo a forma de “test” que pretenden avaliar os seguintes contidos (cf. Eichner, 1987, pp. 4.291-4.297):

— *de congruencia* entre conclusións e os supostos de partida admitidos;

— *de correspondencia* entre as conclusións teóricas e as observacións pertencentes ó dominio empírico;

— *de comprensividade* dunha teoría que pode explicar tódolos feitos coñecidos pertencentes a unha mesma clase de fenómeno; e

— *de parsimonia*, que mide a necesidade dun elemento teórico, incluíndo os seus supostos subxacentes, para ser ou non eliminado da teoría sen que iso produza unha diminución do seu poder explicativo.

Non obstante, a conxunción destas regras debe ser flexible para evitar a redución quizais máis importante dunha metodoloxía que aínda que di ser tributaria dun coñecemento transitorio —e no que a devandita provisionalidade é o impulso máis importante para o seu propio progreso (en palabras de Rojo, 1970, p. 26)— pode caer, en cambio, na tentación do monismo (hiper)racionalista que nega o carácter hipotético do coñecemento científico (cf. Muguerza, 1975, pp. 18 e ss.), e que, trala súa crise nos comezos do século XX, deixou paso a dúas correntes filosóficas dominantes. A primeira, de raíz positivista, é presentada mediante unha analítica lóxica (Círculo de Viena) ou sociolóxica (T. Kuhn e, en parte, I. Lakatos). A segunda, de raíz histórico-institucional, conforma a visión dialéctica (entendida non só como confrontación de realidades antagónicas senón, máis ben, como categoría de pensamento axustada á análise das contradicións) e nela podemos citar as contribucións de historicistas, marxistas e, en concreto, da Escola de Frankfurt.

En resumo, o desenvolvemento dos acontecementos e a riqueza das principais intervencións fixéronlle xustiza ó labor iniciático de Francis Bacon (Rossi, 1990), ben sexa cultivando a exposición retórico-dialéctica ou, como no caso de K.R. Popper, cultivando a proclividade ó contraste crucial empírico dos enunciados teóricos.

### 3. A LÓXICA POPPERIANA DA INVESTIGACIÓN

O “realismo crítico” de K.R. Popper representa o primeiro intento debidamente fundamentado e dirixido á superación das debilidades e limitacións do Positivismo Lóxico segundo foi presentado polo Círculo de Viena. A filiación popperiana ó “realismo crítico” mostra a oposición de Popper ó empirismo vulgar baseado en que todo o coñecemento se deriva exclusivamente da experiencia dos sentidos (cf., ó respecto, García Menéndez, 1988, esp. Capítulo 3: “Notas sobre dialéctica y los límites del empirismo vulgar”, pp. 87-100). Neste sentido, para Popper, o problema epistemolóxico principal consiste non na orixe das ideas, senón na verdade/falsidade das teorías (Popper, 1985, pp. 136 e ss.).

Malia os seus contactos de xuventude coas teses do Círculo de Viena, Popper asume unha



perspectiva crítica a partir de 1934, ano no que se publica a edición orixinal da *Logik der Forschung*. Esta obra, enriquecida con apéndices posteriores, converteuse nun auténtico clásico contemporáneo da literatura filosófica, especialmente trala edición inglesa de 1959. Ó impacto da contribución popperiana debe engadírselle, sen dúbida, non só a continuada publicación de ensaios sobre metodoloxía e historia da ciencia, senón, tamén, o permanente cultivo da controversia filosófica e política.

Non obstante, neste momento, é imprescindible referirse á “masa crítica” da lóxica popperiana da investigación científica, pois é aí onde se xeran non só as claves do pensamento filosófico do autor —especialmente aquelas que fan referencia á fascinación de Popper ante unha epistemoloxía que establece a norma de racionalidade do coñecemento científico independentemente do suceso—, senón tamén as do seu discurso socio-político.

As tres cuestións fundamentais que separan o pensamento de Popper da denominada “concepción herdada” do positivismo son as seguintes:

- a) a consideración metacientífica da Filosofía da Ciencia,
- b) a crítica do inductivismo, e
- c) o establecemento dun novo criterio de demarcación e, polo tanto, de aceptabilidade do contido científico.

Con respecto a isto, cabería face-las seguintes precisións.

En primeiro termo, a herdanza positivista proclamou que o fundamento do coñecemento se atopaba na verificación empírica dos enunciados universais (é dicir, protocolares) máis elementais que informan sobre os principios da disciplina científica avaliada. En cambio, K. Popper considerou que as ciencias empíricas son sistemas de teorías e a lóxica do coñecemento será, polo tanto, unha “teoría de teorías científicas” (Popper, 1962, esp. Cap. III, pp. 57 e ss.). Neste sentido, Popper utilizou un símil de grande expresividade: “as teorías son redes que lanzamos para apresar aquilo ó que chamamos mundo: para racionalizado, explicalo e dominalo. E tratamos de que a malla sexa cada vez máis fina” (Ibid., p. 57).

O punto de partida da reflexión filosófica popperiana sobre a ciencia son as teorías científicas entendidas non como xeneralizacións empíricas ou como simples instrumentos de análise da realidade, senón máis ben como conxecturas cuestionables permanentemente. En consecuencia, a actividade do científico será asumir ese rol crítico de refutación da teoría coa experiencia mediante a contrastación negativa do falseamento<sup>2</sup>.

Por esta vía, en definitiva, K.R. Popper establece que os mecanismos de integración e progreso do coñecemento científico non se atopan na demostración da “verdade” dunha teoría, senón en que é transitoriamente “falseada”. Isto expresaría, para Popper, a provisionalidade permanente do coñecemento adquirido incluso en “corpus” teóricos das ciencias duras (como a Mecánica de Newton) que foron aceptados durante varios séculos ata convertérense nun caso particular da Teoría da Relatividade de Einstein (como advirte Bouveresse, 1974, esp. p. 956)<sup>3</sup>.

A segunda discrepancia de entidade entre Popper e o Círculo de Viena refírese ó problema da inducción. Se unha inferencia inductiva é aquela que permite o paso dos enunciados singulares ós enunciados universais, como as teorías científicas, daquela, o problema que hai que dilucidar epistemoloxicamente consiste en establecer unha lei lóxica de inducción que estableza os principios e as condicións que evidencien as devanditas inferencias.

Sen embargo, a formulación dunha lei sobre a inducción xeraría continuos problemas, pois, en opinión enfrontada de Popper respecto de R. Carnap, existen obstáculos insalvables no plano do coñecemento que impiden a validación dunha lei que se formula a partir dun enunciado “universalista”<sup>4</sup>.

Malia que o “círculo vicioso” da inducción xa fora denunciado por D. Hume, dando lugar a unha prolífica produción intelectual na Historia do Pensamento (cf., a este respecto, as versións radical e moderada da inducción en Agassi (1970, pp. 261-270) e Black (1979)), é K. Popper o máximo expoñente dunha corrente de pensamento que defende o uso de datos empíricos e de información de variada índole sobre actitudes, en parte adquiridas e, en parte, innatas, que permiten a descodificación de mensaxes que descansan na



experiencia a través dun proceso de proba-erro. E este mecanismo, á vez, serve á consolidación e ó progreso do coñecemento científico.

En definitiva, segundo Popper, é superfluo todo principio de inducción pois conduce á incoherencia lóxica expresada na regresión infinita da súa propia xustificación. A alternativa da lóxica popperiana é, polo tanto, a defensa inequívoca dunha metodoloxía científica deductivista, pola vía da “refutación permantente”, que supoña a contrastación empírica dos enunciados sometidos a proba (Popper, 1967, p. 28).

En terceiro termo, “...se, seguindo a Kant, chamámoslle ‘problema de Hume’ ó da inducción —escribe K. Popper—, deberíamos designalo problema da demarcación como ‘problema de Kant’” (Popper, 1967, p. 34). ¿Por qué? A resposta dánoa o mesmo autor (Ibid., pp. 222-224) pois, tras afirmar que I. Kant non consideraba que o científico extraera as súas leis da natureza senón que llas impoñía, escribe: “... aínda que considero esencialmente correcta esa formulación de Kant, creo que é demasiado radical”, porque “... se ve que as teorías son creacións libres das nosas mentes, o resultado dunha intuición case poética, dun intento por comprender intuitivamente as leis da natureza”.

Nese sentido, Popper remítese á filosofía kantiana como a primeira construción filosófica na que o problema da demarcación adquire un rango prioritario no pensamento filosófico. Ese interese na separación tallante entre ciencia e metafísica, lembremos, constituíu tamén unha cuestión crucial para o Círculo de Viena. A solución de Popper é, en cambio, diferente. En efecto, se se aceptara incondicionalmente a proposta positivista sobre a demarcación a partir da peculiar patente de científicidade na “proba única” do criterio verificacionista, reproduciríase un dos obstáculos da metódica vienesa: *a consideración extra-científica dunha parte significativa do acervo científico acumulado que aínda que non soportaría a confirmación empírica sustentada polo método inductivo, constitúe, en cambio, un logro irrenunciable e indiscutido para a comunidade científica* (cf., a este respecto, K. Popper: *The Demarcation between Science and Metaphysics*, en Schilpp [ed.] (1974, esp. pp. 187 e ss.).

Para evitar esta consecuencia, Popper propón a “falseabilidade” como criterio de demarcación

no que os enunciados nunca son verificables coa experiencia empírica, pero si son contrastables con ela mediante o falseamento (proba-erro) ou por contraditoriedade interna (lóxica) (Popper, 1974, p. 297). Ademais, para o autor, a utilización do criterio de demarcación permite unha avaliación continua do coñecemento científico acumulado, na medida en que se aplicara co debido talante crítico por parte do colectivo invisible dos científicos caracterizados, na visión popperiana, por unha actitude epistémica de continuo escrutinio, de permanente cuestionamento dos resultados favorables alcanzados polas refutacións anteriores.

En consecuencia, a lóxica da investigación científica neste modelo non só impón a “empíria”, senón, tamén, que se practique de modo continuo por parte dos científicos solventes. Sen dúbida, *o requisito epistemolóxico popperiano condiciona a metódica de investigación en ciencias sociais e, en concreto, no campo do coñecemento económico, ata tal punto que se inicia nos ambientes filosóficos académicos unha forte polémica en torno á noción, sempre discutible, de “grao de confirmación” das hipóteses, teorías e leis, ó non establecer Popper o límite coñecido nin o alcance previsible do adxectivo “permanente” como cualificativo da refutación. Ó respecto, o autor mantivo a tese sobre o “grao de corroboración” coma unha categoría que expresa a senda de confirmación progresiva da teoría falseada coa experiencia, sen que iso significara, de xeito ningún unha estricta satisfacción das regras do cálculo de probabilidades*<sup>5</sup>.

En definitiva, unha parte substantiva do pensamento de Popper está centrada na *lóxica de investigación entendida como o resultado dunha rixida separación entre “teoría” do coñecemento e epistemoloxía*, crebando a tradición empirista herdada dende Berkeley e Hume ata B. Russell, que analizaron o coñecemento científico vinculado ó individuo ou, incluso, ó individuo en sociedade. *A lóxica popperiana propón unha epistemoloxía sen suxeito, trazo distintivo que dota ó modelo popperiano dunha singularidade propia e dunha gran consistencia interna, pero que á vez xera as súas meirandes limitacións analíticas.*

Sen dúbida, a tese popperiana sobre a existencia dun “terceiro mundo” do coñecemento, separado do universo dos estados físicos e dos esta-



dos de conciencia, inspira unha serie de interrogantes ontolóxicas, en torno ó “suxeito” do coñecemento, á “concepción formalista” dos criterios de demarcación e validación e, como complemento, á carga ideolóxica individualista (ou, incluso, idealista-platónica)<sup>6</sup>, que conforman as cuestións fundamentais da posterior crítica da razón analítica nas Ciencias Sociais e, en consecuencia, na Ciencia Económica.

Nunha primeira aproximación crítica, ó noso xuízo, a interpretación popperiana da secuencia conxecturas-refutación permanente-falseación-conxecturas (aceptadas, revisadas ou rexeitadas) é *inxenua e reduccionista*, termos sen carga peyorativa (máis ben, descritiva) e extensibles en distinto grao ás diversas defensas do realismo e da razón analítica como convicción ontolóxica gratificante para o científico social.

Sen dúbida, a perspectiva crítica da anterior valoración require formula-las seguintes precisións.

*En primeiro termo*, e á vista do “faneron” político-económico, a guía da razón analítica permite confirmar con certa confianza (corroboración) a regularidade das hipóteses e os fenómenos de interese científico pero co engadido de dous riscos incontrovertibles: o abuso dos enunciados condicionais e o efecto emocional do “realismo” sobre o propio investigador, ata tal punto que se somete a unha contradicción (tamén permanente) emanada dunha razón analítica “obxectivable”, a partir de “realidades” externas ó investigador e polo compromiso epistemolóxico derivado da constatación (igualmente analítica) da inexistencia da verdade/falsidade dos enunciados falseables sen interese intelectual, social ou político; unha afirmación, polo demais, que subscribiría ata un pragmatista como W. James.

*En segundo termo*, o esquema popperiano sofre dúas debilidades adicionais. Por unha parte, constitúe unha interpretación inxenua, pois supón atopa-la *proba crucial* que conteña un poder científico extralimitado capaz, na lóxica da investigación, de derrubar *corpus* teóricos tras un falseamento adverso (incluso en disciplinas duras e consolidadas). Por outra parte, as limitacións e a rixidez inicial foron contrarrestadas polo mesmo Popper mediante a proposición de diversos tratamentos dos supostos *ad hoc* dirixidos á asimilación das observacións rebeldes. Iso deu lugar, na

Historia da Filosofía da Ciencia, ós modelos denominados “Popper 1, 2 e 3”. Non obstante, a aparente versatilidade da interpretación popperiana non constitúe unha firme virtude, senón a expresa imposibilidade de guiar satisfactoriamente cara ó esquema interpretativo da lóxica da investigación a serie de supostos auxiliares que forman as *estratexias inmunizadoras* das teorías ameazadas pola refutación permanente.

*En terceiro termo*, a lóxica popperiana obedece a unha interpretación reduccionista pola que constrinxen a súa exposición ó carácter normativo da construción do coñecemento científico, mediante a presentación das regras metodolóxicas que prescriben *cómo debe investiga-lo* científico (e, entre eles, o investigador social) sen o continuo e imprescindible dictame sobre o progreso real da ciencia en cuestión.

A visión de K.R. Popper, en definitiva, atende á acumulación do coñecemento científico en termos de *historia interna* (o enunciado falseable sometido a refutación permanente polo investigador individual) á marxe das pautas de comportamento da comunidade científica, do grao de aceptabilidade social das teorías, das condicións materiais e históricas do contexto de descubrimento..., en fin, á marxe da *historia externa* do progreso do coñecemento.

O cúmulo de problemas e debilidades desta interpretación implica ó seu autor nunha visión caracterizada pola simplicidade de móbiles, o cal proporciona, en cambio, unha meridiana claridade na orde de exposición da súa lóxica; unha exposición que ten como característica máis peculiar a *agresividade* da posición do autor na resolución do dilema que suscita, paradoxalmente, a súa propia metodoloxía.

*Aquí radica*, ó meu xuízo, o *principal componente cuestionable das concepcións da razón analítica tributaria do realismo inxenuo*. Porque, en conclusión, ou Popper necesita obter unha *lectura esquemática* da complexidade da historia externa da formación e acumulación do coñecemento (para concilia-la súa lóxica coa historia da ciencia), ou, alternativamente, está obrigado a reconecer que o devandito progreso se desenvolveu *irracionalmente* (pois a racionalidade popperiana da refutación permanente non constituíu o motor principal da acumulación do saber científico).



Sen dúbida ningunha, K.R. Popper seleccionou o primeiro termo do dilema: a ilustración anecdótica dos acontecementos que confirman o uso da refutación permanente na práctica científica, sen peso histórico específico, como esixiría a entidade cualitativa da “proba crucial” da lóxica da investigación. En consecuencia, a formulación gnoseolóxica e metodolóxica popperiana no seu formulamento orixinario da razón analítica *rexeita* de modo drástico calquera outra interpretación, complementaria ou alternativa, que conduza ó investigador a fundamentacións históricas do contexto de descubrimento que puideran ser obxecto de negación ou limitación da liberdade de acción do individuo. Noutros termos, expresados polo mesmo autor, enténdese por *miseria do historicismo* a actitude pseudocientífica que pretende socava-la esencia da *sociedade aberta* presentando como os seus baluartes a quen realmente son os seus inimigos.

Neste sentido, cabe face-las seguintes puntualizacións como paso previo á ponderada avaliación global da lóxica popperiana en Ciencias Sociais.

En primeiro lugar, a consistencia interna da interpretación popperiana non soporta a hipótese forte de Todaro relativa ó campo epistemolóxico “constante” ou “continuo” polo que o criterio de validación poida ser utilizado non só na avaliación científica dos enunciados, senón tamén nos mesmos instrumentos lóxicos de referencia. Neste sentido, *aínda que o esquema popperiano permite a falseamento das teorías, impide, en cambio, o “falseamento” do principio de falseamento* (Todaro *et al.*, 1974, esp., pp. 176 e ss.).

En segundo lugar, malia a vontade de superación da lóxica formal e positivista precedente, Popper emprega unha *antítese aparente*, xa que a metalinguaxe presente no esquema refutación/falseamento responde a unha *antinomía encuberta* da mecánica proba única/verificación do Círculo de Viena, e ámbalas dúas, á súa vez, practican un reduccionismo metodolóxico común.

Non é sorprendente, en terceiro lugar, que o modelo ideal de Ciencia —tanto para Carnap como para Popper— sexa a Física, pois é unha disciplina que proporciona a *linguaxe* adecuada para o programa das Ciencias Unificadas, obxectivo meirande do positivismo. Situado na tradición continental que herda a filosofía empirista, a

posición epistemolóxica de K. Popper *malgré lui* obedece á mesma pretensión do empirismo vulgar que aspira a superar, como subliña pertinentemente Johansson (1975). Noutros termos, a lóxica popperiana fornece o necesario substrato filosófico que servirá de base para cultivo da ideoloxía das sociedades tecnocráticas que predicán unha radical separación entre o *coñecemento* e a *contorna social*.

Ó longo dunha dilatada biografía intelectual, Popper propúxolle á sociedade civil o modelo aberto da comunidade científica (Popper, 1976); un modelo no que o progreso se alcanza a través dunha oferta *racional* de propostas sostidas de modo tentador polo *policy-maker* mediante o escrutinio permanente das súas conclusións.

En resumo, existe unha estreita conexión entre a epistemoloxía e o pensamento político de Popper: *unha conexión que expresa un correlato interpretativo máis fondo do que suxire unha lectura superficial dos escritos políticos do autor*. A opción popperiana dunha ciencia autónoma sen suxeito histórico impide, en primeiro termo, que Popper recoñeza e resolva certas contradicións epistemolóxicas internas (cf. Krige, 1978, pp. 287-307) e, en segundo termo, enmascara na lóxica da investigación un auténtico compromiso ideolóxico implícito na defensa da ciencia pura, non contaminada por valores individuais nin intereses colectivos (cf., ó respecto, Mulkay, 1976, pp. 637-656).

O exposto ata o de agora confirma a continuidade (e non a ruptura) de Popper con respecto ós grandes debates do século XIX: deductivismo teorético vs. inductivismo histórico e sobre a desvinculación axiolóxica da construción científica..., debates que teñen unha singular repercusión nas Ciencias Sociais, dado o complexo obxecto de estudio, a diversidade de ópticas segundo o suxeito investigador e o permanente conflito de fronteiras entre as disciplinas sociais (como apunta Zapatero, 1977, pp. 97-109).

*A cuestión formulada ata o momento é, ó meu xuízo, dun alto interese analítico para o campo de coñecemento socioeconómico como disciplina científica: a contribución de K.R. Popper á Historia do Pensamento, esencialmente epistemolóxica, non só ten unha lectura política evidente e consubstancial á súa propia metodoloxía, senón que, á súa vez, imprímelle carácter a*



*unha determinada formulación de política económica (liberal-conservadora) que ilustra, con meridiana claridade, as consecuencias (e non só filosóficas) da relación entre demarcación e acumulación do coñecemento científico e as esixencias materiais da contorna política, económica e social onde se plasma o devandito coñecemento.*

#### 4. DA METODOLOXÍA Á “ENXEÑERÍA SOCIAL E ECONÓMICA”

A pretensión de lograr un esquema interpretativo do saber científico á marxe das pulsións da realidade constitúe un esforzo condenado ó dementido da experiencia, pois, *incluso na lóxica popperiana, unha determinada concepción da ‘racionalidade’ dirixe ó obxecto da reflexión a un marco específico de “enxeñería social”*. A perspectiva crítica da obra de Popper pon de manifesto, polo tanto, *o crucial rol revelador da realidade asumido pola dimensión social do coñecemento* (Martínez, 1980).

Existe unha senda que leva, sen dúbida, a Popper da lóxica internalista da investigación científica á ideoloxía apoloxética dunha determinada orde política e económica. A contribución filosófica do autor, ó longo dunha dilatada e fecunda biografía intelectual, é tributaria non só dunha denuncia visceral do universo pechado e opresivo do totalitarismo, senón tamén da defensa a ultranza da teoría política e económica de raíz liberal.

É moi significativa, respecto diso, a relación entre un filósofo da talla de K.R. Popper e un economista como F. Hayek, insigne representante do neoliberalismo, que se remonta ó movemento cultural centroeuropeo da primeira posguerra irradiado dende a cosmopolita Viena, auténtica encrucillada cultural de Europa a principios do século XX. A devandita relación implicou unha notable colaboración intelectual mutuamente recoñecida no terreo da teoría política e económica<sup>8</sup>.

Tanto nos *Fundamentos da liberdade* (1959) como nos seus *Novos estudos* (1978), Hayek afirmou que *o axente individual non persegue obxectivos senón que, máis ben, respecta regras*. Polo tanto, “os homes actúan guiados por normas de conducta das que poucas veces teñen conciencia” (Hayek, 1981, p. 8). Para K. Popper, pola súa

parte, este conxunto de regras constitúe a “tradicción” como principio fundamental da orde social pois informa sobre un gran número de regularidades ás que se axusta o comportamento político e económico dos axentes individuais<sup>9</sup>. Ámbalas dúas concepcións atenden, sen dúbida, ó principio iusnaturalista do ordenamento social que, en termos antropolóxicos, é conservadora, pois non permite a análise crítica das relacións entre os conceptos de “liberdade individual” e de “individuo” como *dereito e suxeito histórico*, respectivamente.

A razón analítica popperiana é loxicista e instrumental pois relega a necesaria dimensión social e histórica do coñecemento. O seu racionalismo crítico é simplemente “psicolóxico” (os hábitos de investigación do científico) pero nunca é afectivo nin pasional, características do lastre teórico dependente do socioloxismo e do historicismo valorados por Popper como correntes dun pensamento “irracional” no que os compoñentes idealistas e materialistas fundamentan teses erradas sobre a liberdade e a igualdade.

Na mesma liña que L. Mises, F. Hayek ou M. Friedman, K. Popper considerou que a teoría da igualdade innata é un presuposto errado, pois a proposta racional (en termos popperianos) consistiría na defensa da igualdade político-xurídica ante o mercado. Neste suposto, o individualismo posesivo neoliberal esixe a igualdade no mercado independentemente das desigualdades sociais e económicas de partida, pois é aí, no reino da “man invisible”, onde se establece o ámbito por excelencia do exercicio da *liberdade*, definida en forma negativa como “ausencia de coacción intencionada e ilexítima de terceiros”.

Non sorprende, polo tanto, a coincidencia entre as opinións de Popper e Hayek respecto das vantaxes da *libre competencia* como unha das claves da “sociedade aberta” e da *planificación* como un dos seus principais “inimigos”. E para fundamentar ámbalas dúas afirmacións Popper acode ás fontes da tradición, na medida en que representa o principio de lei natural que guía ás forzas de mercado (cf., ó respecto e entre numerosas referencias, Popper (1967, pp. 402 e ss.), Popper (1984, pp. 27 e ss.) e Popper *et al.* (1976)).

O tránsito do campo da metodoloxía ó da enxeñería social e económica do neoliberalismo o efectuou K. Popper a través de suxestivos vehí-



culos argumentais que mostran, unha vez máis e dende unha perspectiva crítica, a riqueza do pensamento do autor.

Popper condenou, primeiro, as distorsións orixinadas por todo tipo de opinión (e acción) organizada que represente unha forma irresponsable de poder que impida a competencia individual no mercado. Igual cá maioría dos neoliberais exercentes, Popper considera que non tódalas leis sociais son dun carácter normativo que impón a esfera de poder xurídico-político pois, ademais, “existen outras importantes leis da vida social, como as enunciadas polas modernas teorías económicas, como por exemplo a teoría do comercio internacional ou a teoría do ciclo económico” (Popper, 1981, p. 76).

Das anteriores leis económicas citadas, de orde natural, despréndense —segundo o autor (Popper, 1967, p. 394)— as “advertencias tecnolóxicas” precisas para a actividade económica da sociedade, vinculando e transmitindo información bidireccional entre *ley natural-ciencia básica-ciencia aplicada*. En consecuencia, se as leis do mercado son leis de orde natural, a planificación económica, en opinión de Popper, debería estimar, nos seus pormenorizados cálculos, todo tipo de relacións individuais, incluso as afectivas, o que xeraría, sen dúbida, unha auténtica *imposibilidade* de organiza-lo coñecemento *ilimitado*. Calquera intervención, neste sentido, limita a racionalidade apreendida lóxicamente.

Non obstante, Popper, a diferenza de Hayek e o seu *Camiño de servidume*, defende a esixencia —tamén *lóxica*— do control do sistema capitalista sen trabas estatais pero sen dexenerar nun intervencionismo encuberto, o mesmo que sostíña Adam Smith cando se refería ó “monopolio de fabricantes sen escrúpulos” (Popper, 1973, p. 21).

## 5. A LECTURA POLÍTICA DO PROGRAMA DE “RACIONALISMO CRÍTICO” EN CIENCIAS SOCIAIS

O racionalismo popperiano e a filiación política neoliberal do seu pensamento non está, en modo ningún, exento de debilidades orixinadas pola súa excesiva autocompracencia. Esta característica é evidente dende a publicación de *A sociedade aberta e os seus inimigos*, unha obra na

que Popper utilizou profusamente a análise sociolóxica e a opinión valorativa, sen somete-las devanditas directrices á mesma racionalidade crítica proclamada en *A lóxica da investigación científica, opus magnum*, na que o autor prohíbe metodoloxicamente (e de forma taxativa) o uso de fundamentos de historia externa para avaliala potencialidade explicativa.

Non obstante, a anterior contradicción non constitúe a única mostra de inconsistencia do programa popperiano. Por unha parte, a súa coñecida e controvertida Teoría dos Tres Mundos de-fende, coma vimos, a existencia dunha realidade ontolóxica pertencente ó mundo da conciencia e das ideas que é, por natureza, unha proposta metafísica á que o propio Popper non lle aplica tampouco a súa crítica do método máis alá da simple equiparación da tríade coa división de aproximacións do coñecemento: *metaforma do coñecemento* (Filosofía da Ciencia/Metodoloxía), *substancia do coñecemento* (Ciencias Naturais/Ciencias Sociais) e *forma do coñecemento* (linguaxes) (Popper, 1982, pp. 114-130). Por outra parte, a súa inclinación ás teorías económicas neoliberais ou as controvertidas teses biolóxicas de Eccles, por exemplo, tampouco soportaría o test popperiano, especialmente no que se refire ás consecuencias sociais da política económica neoliberal aplicada ou sobre as especulacións místicas dunha corrente pseudocientífica en neuroloxía —en boga en determinados círculos intelectuais (e excluínates) anglosaxóns—.

A maior contradicción existente na obra de K.R. Popper consiste, segundo a miña opinión, na repercusión equívoca das súas declaracións polisémicas que proveñen do desexo insatisfeito —ó longo dunha dilatada, repito, e incuestionable biografía intelectual, como reflicte non só a súa obra maior senón, tamén, os seus numerosos artigos de prensa e relatorios congresuais<sup>10</sup>— de trasladar ó mundo dos fenómenos políticos, económicos e sociais unha metodoloxía específica pensada para as ciencias naturais susceptibles de experimentación (refutación) permanente baixo as mesmas condicións ambientais.

A pretensión de Popper de outorgarlle un *status* científico, e polo tanto axustado á racionalidade internalista do coñecemento, ó credo ideolóxico neoliberal obrígao a resistir calquera



tipo de discusión sobre “valores” cando —e *velai a contradicción determinante*— a súa opción metodolóxica nace dunha *selección axiolóxica*. Noutros termos, Popper deduce a seguinte secuencia argumental dunha forma interesada (e lexítima se non fora negada *a priori* por Popper para outras interpretacións alternativas):



En consecuencia, a interpretación popperiana levanos á necesidade de análise doutras alternativas metodolóxicas que consideren a “historia externa” do progreso das Ciencias Sociais, así como a imprescindible visión da dimensión social do coñecemento. *Durante décadas, a metodoloxía popperiana comportouse como un moderno Cardinal Bellarmino que dictaminaba, cunha autoridade non exenta de prepotencia, o que era e non era ciencia nos círculos científicos convencionais*. Sen embargo, a filosofía da ciencia, coas súas inquietantes luces e sinistras sombras, adoptou posicións máis medidas e prudentes, quizais menos contundentes pero abertas ó ton relativista das contribucións de T.S. Kuhn e I. Lakatos (Barceló e Ovejero, 1985, p. 218).

Sen embargo, coa pausada sedimentación de ideas ó longo de varias décadas, a obra de Popper gañou nunha fecunda introspección manifestada en innumerables artigos e *post-scriptum* xa mencionados. Con admirable lucidez e espírito auto-crítico, nos últimos escritos de K. Popper non só abundaba o “saber” depurado pola reflexión e a “dúvida metódica” (especialmente referida á propia obra), senón que evidenciaba, tamén, a rixidez e, incluso, o sectarismo daqueles popperianos que optaron por unha defensa sen concesións dos pri-


meiros escritos filosóficos (de reacción fronte ó Círculo de Viena) e políticos (de reacción ante o ascenso do nazismo en Centroeuropa). As posicións acriticamente gregarias limitan, sen dúbida, o verdadeiro alcance analítico de achegas, como a presente, que xa adoecen na súa orixe dunha difícil superposición en Ciencias Sociais e, en concreto, en Economía.

En efecto, a imbricación da diversidade de dimensións do coñecemento e a crecente disposición dun arsenal de técnicas para o coñecemento da realidade non logrou supera-lo obstáculo advertido por W. Eucken en 1940. “Á economía fáltalle un procedemento completo e seguro para aprehender cientificamente a realidade económica —escribiu o economista alemán—; e continúa: carece dun método perfecto para chegar á explicación científica. Non está en condicións de atravesala observación superficial do cotián coa seguridade necesaria e ve-la realidade tal e como efectivamente é. Instintivamente moitos economistas, e non economistas, senten esta situación” (Eucken, 1967, p. 105).

O problema anteriormente presentado é aínda máis grave, se cabe, na relación —simplificada en exceso polos apoloxistas popperianos— entre metodoloxía e desenvolvemento científico en economía, pois o postulado de racionalidade proposto en *A lóxica da investigación...* esixe unha pormenorizada información empírica das condicións dos modelos económicos, e así permítese a construción “crítica” de prediccións fundadas lóxicamente. Pois, en palabras de K.R. Popper, “...supoñemos unha cousa e máis nada, a saber, que os actores actúan no cadro do modelo, ou que eles ‘sacan as consecuencias’ do que está implícito nesa situación” (K. Popper: “La rationalité et le statut du principe de rationalité”, en Popper *et al.*, 1967, p. 144).

A utilización dos mecanismos de demarcación e aceptabilidade científica de Popper no campo do coñecemento económico vincula a *lóxica situacional a unha taxativa separación entre o estudio dos procesos de xeración de teorías político-económicas* que pertencen ó Mundo 2 de Popper (o contexto de descubrimento), e ó estudio epistemolóxico do pensamento científico como produto do Mundo 3 (o contexto de xustificación). A secuencia, polo tanto, sería a seguinte:





A ríxida pretensión popperiana, orixinariamente, de depurar a secuencia descrita de elementos extralóxicos supón unha consideración que —exclusivamente no marco da Historia Interna— rexeita a colaboración da socioloxía da ciencia (como a proposta por K. Mannheim), que relaciona a conformación do pensamento en Ciencias Sociais co *hábitat* social, que determina un sistema de opinións e teorías coñecidas como ideoloxías globais e que, na interpretación popperiana, se expulsan do proceso reflexivo.

O principal obstáculo do racionalismo crítico provén desta debilidade interna. Os incondicionais da visión máis esquemática e menos autocrítica da proposta popperiana, ó condenar todo tipo de *teoría conspirativa da ignorancia* (é dicir, supoñendo que existe unha verdade científica pero que se oculta polos prexuízos, as tradicións, os filtros históricos, os intereses sociais...) e recomenda-la incomunicación metodolóxica entre o contexto de descubrimento (Mundo 2) e o contexto de xustificación (Mundo 3), caen por redución nunha *teoría conspirativa da Historia* que lles permite, primeiro, illa-lo coñecemento científico das condicións sociais e históricas en que se forma; segundo, somete-lo devandito coñecemento á racionalidade da refutación permanente; e, terceiro, acusar ás posicións discrepantes de idealistas e condenalas ó ostracismo ou ó cárcere das “miserias do historicismo”.

Paradoxalmente, en definitiva, se “os elementos confirmadores” dunha teoría —en palabras do mesmo Popper— “non deben ser tidos en conta agás cando son o resultado dun xenuíno test, é dicir, cando pode ofrecer un intento serio pero infructuoso de refutar a teoría” (Popper, 1981, p. 384), e se, por outra parte, “a crítica sempre consiste en sinala-las contradicións existentes dentro da teoría criticada ou entre ela e algúns dos feitos da experiencia” (Popper, 1983, p. 61), po-

deríase concluír que a lóxica da investigación científica, na súa versión máis trivial e excluínente, contén tal cúmulo de dificultades que estas impiden unha saída airosa do experimento crucial no propio esquema interpretativo. Malia que non se recoñece, a lóxica da investigación recomendada non soporta a “crítica racional” ante a flagrante contradición existente entre a imprescindible depuración ideolóxica da tarefa científica e o correlato político-económico normativo implícito nas súas conclusións.

## NOTAS

1. Cf., por orde cronolóxica, Robbins (1984), Friedman (1967) e Samuelson (1972, esp. pp. 251-260). Non obstante, como afirma o propio Samuelson, neste tipo de problemas metodolóxicos Satán sempre atopa tarefa para ocupar ós economistas ociosos; o que non impide, en cambio, que el se convertera nun autor tan prolífico coma polémico neste campo da reflexión científica.
2. Un dos tópicos da metodoloxía popperiana establécese co rexeitamento do autor/filósofo das teorías da ciencia fundadas na errada crenza de que a ciencia se constrúe mediante unha paulatina ordenación e recompilación de experiencias científicas. Especialmente en *Coñecemento obxectivo* (1974, pp. 74 e ss.), Popper admite que, aínda que sempre se parte dalgunha base de coñecementos previos, o certo é que existe unha importante disposición innata do coñecemento humano ata o punto de afirmar que, “se non fora absurdo facer este tipo de estimacións, diría que o 99,9% do coñecemento dun organismo é herdado ou innato e só unha décima parte consiste en modificacións do devandito coñecemento innato” (p. 75). A estimación de Popper foi retomada posteriormente por N.R. Hanson (1977). A obra de Hanson está influenciada tanto polo positivismo de Wittgenstein coma pola psicoloxía da “gestalt”, aínda que, ó meu xuízo, a súa principal contribución con respecto á lóxica da investigación de tradición popperiana foi a consideración de que non só a “teoría científica” inflúe na explicación, senón tamén a “linguaxe observacional”, que orienta a investigación nunha determinada dirección. Verbo diso, Hanson afirma que “as palabras de ‘causa’ se parecen á xerxa dun xogo (...). Para entender cada unha destas ideas completamente, é necesario coñecer toda a trama de con-



- ceptos da correspondente disciplina. Isto axuda a mostrar cómo as palabras de 'causa' están cargadas de implicacións teóricas en relación coas súas palabras de 'efecto' ” (Hanson, 1977, p. 15).
3. Cf., ademais, para un formulamento xeral da lóxica popperiana a Bouveresse (1978), O'Hear (1980) e Schilpp (1971); e, respecto ó racionalismo crítico no ámbito das ciencias sociais, a Malherbe (1976, esp. pp. 85 e ss.), Loose (1979, pp. 199 e ss.) e Blaug (1985, pp. 66 e ss.).
  4. Neste sentido, Popper escribe: “Se intentamos afirmar que sabemos por experiencia o que é verdadeiro, reaparecen de novo os mesmos problemas que motivaron a súa introducción: para xustificalo temos que utilizar inferencias inductivas; para xustificar estas, temos que supoñer un principio de inducción de orde superior, e así sucesivamente. Polo tanto, cae pola súa base o intento de fundamentalo principio de inducción na experiencia, xa que leva inevitablemente a unha regresión infinita” (Popper, 1967, p. 29). Respecto diso, K. Popper non só polemizou con Carnap ó longo dos anos 50, senón tamén con outros positivistas como Reichenbach. Cf., ó respecto, Schilpp [ed.] (1974) e Reichenbach (1953).
  5. Popper distinguíu claramente entre “probabilidade lóxica” e “probabilidade estatística”, en concreto, cando polemiza con Carnap sobre a natureza do termo alemán “bewährungsgrad”, utilizado orixinalmente por Popper, e traducido por Carnap en 1936, como “gra de confirmación dunha teoría” (Carnap, 1936 e 1937, pp. 426-468 e pp. 1-40, respectivamente). Popper cambiou o sentido da tradución por “gra de corroboración” para quitarlle, segundo recoñeceu posteriormente, toda connotación verificacionista ó termo citado (cf. Popper, 1985 e os sucesivos post-scriptum de 1982 e 1983 á ‘Lóxica da investigación...’).
  6. Así o afirma pertinentemente Quintanilla (1974, p. 144). Existe ó respecto un traballo do máximo interese crítico (Bloor (1974), esp. pp. 65-76), no que, mediante sucesivas reducións ó absurdo e investimentos metodolóxicos guiados (similares, en moitos aspectos, ós practicados por K. Marx coa dialéctica hegeliana), demostra a imposibilidade dunha “relación non mediada entre natureza e sociedade” —como parece demostra-la teoría dos Tres Mundos de Popper— tras aplicar neles o método transformativo nas súas relacións causais e de “feedback”. O artigo de D. Bloor foi contestado dende as posicións popperianas por Grove (1980, pp. 173-180).
  7. Neste último párrafo trátase de notificar moi brevemente o contido *in noce* de *A miseria do historicismo* (Popper, 1973) e *A sociedade aberta e os seus inimigos* (Popper, 1981), as súas principais obras de contido político, que lle fan acreedor de ser un dos oráculos actuais da ideoloxía liberal-conservadora.
  8. É sabido que K. Popper leu unha das primeiras versións de *A miseria do historicismo* no seminario que impartía Hayek na London School of Economics. Ademais, no prólogo de *A sociedade aberta e os seus inimigos*, Popper escribe: “Contraín unha débeda de gratitude co prof. F. Hayek, e sen o seu interese e afán o libro non chegaría a publicarse” (Popper, 1981, p. 13). Pola súa parte, Hayek inclúe a Popper entre “os nomes de quen máis contribuíron a conforma-la traxectoria do meu pensamento” (Hayek, 1965, p. 14).
  9. “A crenza da existencia empírica de conxuntos ou colectivos sociais, á que poderíamos chamarlle *colectivismo inxenuo*, debe ser reemprazada polo requirimento de que os fenómenos sociais, incluso os colectivos, sexan analizados en función dos individuos e as súas accións e relacións” (Popper, 1967, p. 393).
  10. Aínda que a filosofía e as implicacións político-económicas de Popper sexan especialmente discutibles, é innegable a fecundidade dunha reflexión, con frecuencia contradictoria pero sempre continuada, constante nas diferentes vicisitudes persoais e intelectuais do filósofo. Neste momento, desexaría referirme ó extenso e denso *post-scriptum*, escrito entre 1951 e 1956, á *Lóxica da investigación...*, e que foi publicado en español en 3 volumes (Tecnos, Madrid, 1984-1985) dos que destacaría os dous primeiros, subtitulados, respectivamente, “El realismo y el objetivo de la Ciencia” e “El Universo Abierto”. Respecto das súas opinións sobre problemas contemporáneos, son significativas as respostas a cuestionarios formulados por D. Eribon (cf. *El País-Libros*, N. 258, 30/09/84, pp. 1 e 4) e M. Schell (*El Independiente*, 1, 8 e 15/04/90, pp. 2-3, 8-9 e 8-9, respectivamente). Polo que respecta ós seus discursos e relatos, saliantemos algúns dos máis significativos, entre outros, publicados na prensa española: “Apuntes a la teoría de la democracia” (*El País-Temas de Nuestra Época*, 08/08/87, pp. 8-9); “Un



mundo de propensiones-Un nuevo aspecto de la causalidad" (*El País-Temas de Nuestra Época*), 15/09/88, pp. 1-5); e "El lugar de los valores en nuestro mundo" (*Diario 16-Culturas*, N. 192, 14/01/89, pp. 8-9). Cf., ademais, os últimos escritos reunidos por Popper: *El Universo Abierto: Un argumento en favor del indeterminismo*, Tecnos, Madrid, 1984; edición en español do xa citado Popper (1982).

## BIBLIOGRAFÍA

- ADORNO, T.W. ET AL. (1973): *La disputa del positivismo en la sociología alemana*. Barcelona: Grijalbo.
- AGASSI, J. (1970): "Positive Evidence in Science and Technology", *Philosophy of Science*, N. 37.
- AYER, A.J. (1965): *El positivismo lógico*. México: FCE.
- BARCELÓ, A.; OVEJERO, F. (1985): "Cuatro temas de metodología económica", *Cuadernos de Economía*, Vol. 13.
- BLACK, J. (1979): *Inducción y probabilidad*. Madrid: Cátedra.
- BLAUG, M. (1985): *La metodología de la Economía*. Madrid: Alianza.
- BLOOR, D. (1974): "Popper's Mystification of Objective Knowledge", *Science Studies*, N. 4.
- BOUVERESSE, J. (1974): "La Philosophie des Sciences de Karl Popper", *La Recherche*, N. 5, (nov., 1974).
- BOUVERESSE, J. (1978): *Karl Popper ou le Rationalisme Critique*. Paris: Ph. J. Varim.
- BUNGE, M. (1979): *La investigación científica*. Barcelona: Ariel.
- BUSTO, E. (1955): "La probabilidad y la lógica inductiva en Carnap", *Theoria*, N. 9.
- CARNAP, R. (1936-1937): "Testability and Meaning", *Philosophy of Science*, I, II, N. 3 e N. 4.
- EICHNER, A.S. (1987): "¿Puede llegar la Economía a ser una Ciencia?", *Boletín Económico del ICE*, N. 2.111, (13-20/12/87).
- EUCKEN, W. (1967): *Cuestiones fundamentales de la Economía Política*. Madrid: Alianza.
- FRIEDMAN, M. (1967): *Ensayos sobre economía positiva*. Madrid: Gredos.
- GARCÍA MENÉNDEZ, J.R. (1988): *Construcción de la Economía como Ciencia Positiva. Exposición y crítica*. Santiago: Tifón.
- GARCÍA RAFFI, J.; CABO, A. (1977): "Balance de la problemática filosófica en el positivismo lógico", *Teorema*, Vol. VII, N. 3-4.
- GROVE, J. (1980): "Popper Demystifies: The Curious Ideas of Bloor (and Some Others) About World 3", *Philosophy and Social Sciences*, N. 10.
- HANSON, N.R. (1977): *Patrones de descubrimiento. Observación y explicación*. Madrid: Alianza.
- HAYEK, F. (1965): *Los fundamentos de la libertad*. Madrid: Unión.
- HAYEK, F. (1981): *Nuevos estudios*. Buenos Aires: Eudeba.
- HUME, D. (1980): *Investigación sobre el conocimiento humano*. Madrid: Alianza.
- JOHANSSON, I. (1975): *A Critique of Karl Popper Methodology*. Estocolmo: Akademiforlaget.
- KATOUZIAN, H. (1982): *Ideología y método en Economía*. Madrid: Blume.
- KOOPMANS, T.C. (1980): *Tres ensayos sobre el estado de la Ciencia Económica*. Barcelona: Bosch.
- KRAFT, V. (1966): *El Círculo de Viena*. Madrid: Taurus.
- KRIGE, J. (1978): "Popper's Epistemology and Autonomy of Science", *Social Studies of Science*, N. 8.
- LAKATOS, I.; MUSGRAVE, A. (1975): *La crítica al desarrollo del conocimiento*. Barcelona: Grijalbo.
- LOOSE, J. (1979): *Introducción histórica a la Filosofía de la Ciencia*. Madrid: Alianza.
- MALHERBE, J.F. (1976): *La Philosophie de Karl Popper et le Positivisme Logique*. Paris: PUF.
- MARTÍNEZ, J. (1980): *Ciencia y dogmatismo. El problema de la objetividad en Karl Popper*. Madrid: Cátedra.
- MUGUERZA, J. (1975): "La teoría de las revoluciones científicas", Intr. a Lakatos e Musgrave (1975).
- MULKAY, J. (1976): "Norms and Ideology in Science", *Social Science Information*, N. 15.
- O'HEAR, J. (1980): *Karl Popper*. London: Routledge & Paul.
- POPPER, K. (1967): *La lógica de la investigación científica*. Madrid: Tecnos.
- POPPER, K. (1973): *La miseria del historicismo*. Madrid: Alianza.
- POPPER, K. (1974): *Conocimiento objetivo*. Madrid: Tecnos.
- POPPER, K. (1976): *Búsqueda sin término. Una biografía intelectual*. Madrid: Tecnos.
- POPPER, K. (1981): *La sociedad abierta y sus enemigos*. Buenos Aires: Paidós.
- POPPER, K. (1982): *The Open Universe: An Argument for Indeterminism*. London: Hutchinson Pr.
- POPPER, K. (1984): *Sociedad abierta, universo abierto*. Madrid: Tecnos.



- POPPER, K. (1992): *Un mundo de propensiones*. Madrid: Tecnos.
- POPPER, K. ET AL. (1967): *Les Fondements Philosophiques de Sytemes Economiques*. Paris: Payot.
- POPPER, K. ET AL. (1976): *A la búsqueda del sentido*. Salamanca: Sígueme.
- QUINTANILLA, M.A. (1974): *Idealismo y Filosofía de la Ciencia*. Madrid: Tecnos.
- REICHENBACH, H. (1953): *La Filosofía Científica*. México: FCE.
- ROBBINS, L. (1984): *Ensayo sobre el alcance y significación de la Ciencia Económica*. México: FCE.
- ROJO, L.A. ET AL. (1970): *Ensayos de Filosofía de la Ciencia*. Madrid: Tecnos.
- ROSSI, P. (1990): *Francis Bacon, de la magia a la ciencia*. Madrid: Alianza.
- SAMUELSON, P.A. (1972): "Problemas de metodología: Discusión", *Revista Española de Economía*, Año II, N. 3, (set.-dec., 1972).
- SCHILPP, P. (1971): *The Philosophy of Karl Popper*. La Salle: Open Court.
- SCHILPP, P. [ed.] (1974): *The Philosophy of Rudolf Carnap*. La Salle: Open Court.
- TODARO, F. ET AL. (1974): *Le Piu Recenti Epistemologia*. Padua: Gregoriana.
- WEINBERG, J.P. (1969): *Examen del Positivismo Lógico*. Madrid: Aguilar.
- ZAPATERO, J.C. (1977): "Karl Popper y la metodología de las Ciencias Sociales", *Cuadernos Económicos del ICE*, N. 3-4.

